

Suplemento  
realizado  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística

A MESA POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,  
5 de xaneiro  
de 2017  
Número 10

A Mesa pola Normalización Lingüística traslada as súas peticións aos grupos parlamentares. >>>>> 3

A Mesa e a CIG-Enseño denuncian a “explosiva” combinación da LOMCE co Decreto de Plurilingüismo. >>>>> 4

## O Protocolo de Donostia, unha garantía para os dereitos lingüísticos



# A Mesa, pola igualdade das linguas

## Participa na Asemblea Xeral da Rede Europea para a Igualdade das Linguas

Barcelona foi a sede da Asemblea Xeral da Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN) o pasado 5 de novembro. Reuníronse máis dun centenar de organizacións que loitan por promover, protexer e normalizar as linguas minorizadas. A Mesa pola Normalización Lingüística participou como membro da Rede Europea e os seus representantes foron o presidente, Marcos Maceira, e o secretario de Relacións Internacionais, Paulo Filgueiras.



**Cintia París**

**A** Asemblea Xeral da Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN), ten como obxectivo, coa exclusión de calquera busca de beneficios, a promoción e a protección das linguas europeas menos utilizadas, é dicir, rexionais, minorizadas, en perigo, indíxenas, cooficiais e menores nacionais. A Asemblea tenta traballar no sentido de igualdade lingüística para linguas no marco do cadro máis amplo dos dereitos humanos, e ser unha voz para os falantes de linguas a nivel local, rexional, nacional, europeo e internacional. ELEN é unha organización non gobernamental que foi creada en 2011 con base no antigo Gabinete Europeo para as Linguas menos utilizadas, nos Comités Estado Membro e, ademais, de moitas ONG da maioría dos Estados membros da Unión Europea. O propósito de ELEN é representar os 50 millóns de persoas, o 10% da poboación da UE, que falan unha lingua minorizada. Exemplos de organizacións membros son escolas de inmersión lin-

güística, como Rhieni dros Addysg Gymraeg (Gales), Kevre Breizh (Bretaña), Kontseilua (País Vasco), a Estonia Bureau para as linguas menos utilizadas (Estonia), as grandes organizacións culturais como Áccio Cultural del País Valencià (Valencia) e Plataforma per la Llengua (Catalunya), e institucións académicas como a Universidade de Mainz-SNEB (Alemaña) e do delle Consiglio Nazionale Ricerche (Italia).

Neste encontro, A Mesa participou como membro da Rede Europea e foi representada polo seu presidente, Marcos Maceira, e polo secretario de Relacións Internacionais, Paulo Filgueiras. A través desta acción, a entidade en defensa do galego presentou un informe sobre a situación do galego no Parlamento Europeo e no Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas.

Os participantes foron recibidos no Palau da Generalitat polo presidente do Goberno catalán, Carles Puigdemont, e compartiron as accións que fan nos seus países. Ta-

mén elaboraron estratexias para o desenvolvemento pleno das linguas non oficiais na UE, xa que, na actualidade, 50 millóns de cidadáns europeos posúen unha lingua propia que non está caracterizada como oficial. A Mesa pola normalización Lingüística tratou a defensa do galego a nivel internacional.

A presidenta do Parlamento de Catalunya, Carme Forcadell, presidiu a apertura da reunión e acolleu os participantes presentes nun encontro que foi cerrado polo conselleiro de Asuntos Exteriores, Raúl Romeva. A Asemblea foi coordinada por Davyth Hicks, secretario xeral da organización.

A Asemblea escolleu, tamén, novo Comité de Dirección, no que o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, ocupa unha vicepresidencia. A Asemblea Xeral de ELEN foi acollida no Camp Nou polo FC Barcelona que, xunto coa Plataforma per la Llengua, celebrou os cen anos do primeiro documento en catalán publicado polo clube deportivo.

**O PROPÓSITO DE ELEN É REPRESENTAR OS 50 MILLÓNS DE PERSOAS, O 10% DA POBOACIÓN DA UE, QUE FALAN UNHA LINGUA MINORIZADA**

Cintia París é xornalista.

**Marcos Maceira, presidente da Mesa, ocupa unha Vicepresidencia no Comité de Dirección da Rede Europa.**

Foto: elen.ngo

# A Mesa pola Normalización Lingüística reúne cos grupos parlamentares



Os e as representantes dos grupos parlamentares comprometéronse a facer seguimento dos diferentes acordos en relación ao galego.

A Mesa pola Normalización Lingüística reuniuse cos grupos parlamentares do PSdeG, En Marea, BNG e PP para expoñer os diferentes puntos que recolle o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG). A intención da Mesa era pór en evidencia o incumprimento sistemático das accións favorábeis á lingua acordadas polo propio Parlamento, como o PXNLG, ou tratados internacionais, como a Carta Europea de Linguas minorizadas. Para a Mesa, "reverter o proceso de desgalguización provocado pola exclusión do galego de todos os ámbitos é posible se existe vontade".

Destacáronse seis accións recollidas no Plan que, para a Mesa, contan cunha maior urxencia para pór en práctica. Estas medidas son as seguintes:

1. O papel normalizador da CRTVG. Calquera persoa que queira facer un

seguimento da cultura galega na canle ten que facelo nun horario marxinal. Pídesse tamén máis programación destinada ao sector infantil e xuvenil e que se inclúan debates políticos e sobre a sociedade, xa que iso contribúe a impulsar a lingua máis a cultura galega.

2. Ensino en galego e oferta de lecer. A Mesa destaca que a distribución de materias reduce aínda máis a presenza do galego, que será moi minoritaria neste curso. A respecto da educación infantil, destácase que o galego practicamente non existe nas cidades. Precisamente pola inexistencia de material didáctico específico, a Mesa elaborou material didáctico en galego como o libro O Abecedario ou As aves. En relación ao lecer e o tempo libre, apuntouse que non hai nin xogos para crianzas en galego nin videoxogos e que o cinema tamén fai moita exclusión do idioma. Destacouse o caso de Euskadi, xa que

chegaron a un acordo con Canal+ para que as series máis coñecidas, por exemplo, contén con subtítulos en euskera.

3. O transporte público. A situación da rotulación, as locucións e a toponimia é moi grave. Pídeselles responsabilidades ás compañías de transportes e á Administración para que isto cambie e facerlles cumprir coa lei.

4. Intercambio no espazo de comunicación coa Radio e Televisión Portuguesa (RTP). Non se avanzou a este respecto malia estar recollido na Carta Europea e na Lei Paz Andrade.

5. O dereito ao uso do galego nas Administracións. A Xunta ten que cumprir coa legalidade e exixir ás outras administracións, nomeadamente do Estado que o fagan. Saliéntase a falta

dunha opción mínima na xustiza, SERGAS, facenda ou a seguranza social.

6. Condicionamento de axudas e subvencións á utilización do galego establecendo a obriga de que os receptores utilicen o galego nas súas tarefas.

Os representantes da Mesa lembraron, ademais, que até o de agora non houbo ningunha avaliación do Parlamento en relación ao cumprimento do PXNLG. Entre os retrocesos respecto ao PXNLG, a Mesa destacou o mal chamado decreto de plurilingüismo cos límites ao uso do galego nas materias da área científico-técnica, acrecentada coa aplicación da LOMCE, que reduce aínda máis a carga lectiva en galego.

O presidente da Mesa, Marcos Maceira, sinalou que é preciso trazar, a partir do PXNLG, as liñas dunha nova política lingüística que garanta o dereito a vivirmos en galego, a presenza do galego a todos os niveis, a reposición do galego e a igualdade en todos os espazos: adaptar a esta realidade todas as disposicións legais que obrigan ao uso do español e/ou limitan e exclúen o uso do galego.

Os representantes dos grupos parlamentares comprometéronse a facer seguimento dos diferentes acordos en relación ao galego para garantir a súa aplicación por parte do goberno galego. Tanto o PSdeG, como En Marea e BNG mostraron o seu interese por facer efectivas todas as medidas contempladas e manter comunicación estábel coa Mesa. Pola parte do grupo do PP, comprometéronse a transmitir as propostas da Mesa ao seu grupo e a Consellaría de Educación.

Para a Mesa, o compromiso co noso idioma débese mostrar en feitos concretos, para o que é necesario cumprir os acordos básicos acadados por unanimidade por todas as forzas políticas, e comezar polo PXNLG, cuxo cumprimento debe ser vixiado polo Parlamento de Galiza como institución impulsora.

**NON HOUBO NINGUNHA AVALIACIÓN DO PARLAMENTO EN RELACIÓN AO CUMPRIMENTO DO PXNLG**

**Marcos Maceira considera preciso trazar as liñas dunha nova política lingüística.**

# “Explosiva” combinación da LOMCE co Decreto de Plurilingüismo

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, e o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, denunciaron a “persecución” que sofre a nosa lingua no ensino, en xeral, e na ESO, en particular, cunha presenza inferior ao 15% a consecuencia da combinación “explosiva” do Decreto de Plurilingüismo coa LOMCE.



Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino, pon de manifesto que as modificacións introducidas na carga lectiva de diferentes materias da ESO supoñen unha nova e acrecentada discriminación da nosa lingua respecto á contemplada no decreto 79/2010. O alumnado de ESO terá 31 horas en español fronte a 18 en galego, se cursa ensinanzas aplicadas, e 21 se cursa ensinanzas académicas. Diante desta situación, a CIG-Ensino dirixiuse ao conselleiro de Educación para deixar constancia das inmediatas consecuencias da aplicación da LOMCE: incremento da españolización e redución do ensino en galego.

Neste sentido, o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, asegura que a intención de “igualar” o ensino das linguas manifestada no decretazo “é falsa”, tal e como sinalou o Comité

de expertos para a Carta Europea das Linguas en dous informes sucesivos (2011 e 2015). Maceira acusa a Xunta de Galiza de tratar de cargar sobre pais e nais a responsabilidade da adquisición de mínimas competencias en galego, e mesmo inutilizar a pouca distribución horaria favorábel ao galego, o que, lembra, “motivou a supresión da enquisa ou de elección individual de lingua a utilizar nas aulas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)”.

O presidente da Mesa lembrou os esforzos sociais realizados para evitar esta situación con mobilizacións para que se respectasen e se cumprisen os acordos, entre os que salienta a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos de 1996, promovida pola UNESCO ou a Carta

Europea, mais tamén acordos nacionais como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG).

Por todo isto, a Mesa e a CIG-Ensino entregaron unha queixa dirixida á Valedora do Pobo na que solicitan que inste a Consellaría de Educación a asegurar que en todos os cursos da ESO se garanta, como mínimo, o mesmo número de horas de ensino en galego que en español.


Para a Mesa e a CIG-Ensino, segundo se recolle na queixa dirixida á Valedora do Pobo, as mudanzas curriculares derivadas da aplicación da lexislación básica estatal deben ser acompañadas coas modificacións necesarias na normativa educativa galega para non continuar afondando na marxinación e discriminación do galego. Coa LOM-

CE, subliñan, empeórase a situación de discriminación e marxinación que xa provocou a aprobación do Decreto do Plurilingüismo, que foi rexeitado maioritariamente pola sociedade galega e declarado ilegal, boa parte do seu articulado, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Entre outras accións, a Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino concentráronse na mañá do 14 de decembro, diante da Consellaría de Educación, contra a redución do horario lectivo en galego na ESO provocado pola implantación da LOMCE. Marcos Maceira insiste en denunciar que o obxectivo da Xunta é converter o galego nun “elemento accesorio”, “decorativo”, “prescindíbel” e “anecdótico”. As actuacións da Xunta, advirte, están encamiñadas a que o alumnado non teña competencia suficiente en galego cando remata o ensino obrigatorio.

**COA LOMCE EMPEÓRASE A SITUACIÓN DE DISCRIMINACIÓN QUE XA PROVOCOU A APROBACIÓN DO DECRETO DO PLURILINGÜISMO**

Á esquerda, Anxo Louzao, secretario nacional de CIG-Ensino, e á dereita, Marcos Maceira, presidente da Mesa.



## Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

### O uso cauteloso do xerundio

ve amplamente a que este expresa. Por causa de o xerundio indicar un proceso e non unha acción puntual, o tempo do verbo nuclear da cláusula complexa pode coincidir nun momento determinado coa acción do xerundio que con anterioridade se viña desenvolvendo e que aínda se pode prolongar posteriormente (“Falando de mil cousas, chegaron á casa sen se decataren”).

Por iso o xerundio tamén pode indicar feitos anteriores inmediatos, mais sempre en conexión coa simultaneidade como valor intrínseco. Polo xeral, a expresión de anterioridade demanda a anteposición do xerundio ao verbo en forma finita (“Ouvindo esas e outras historias, deron as catro da madrugada”), en canto a coincidencia temporal costuma corresponder á posposición (“Traballa todo o día cantando”). Para expresar con clareza que a acción é anterior recórrase ás veces á construción *en* + xerundio, que indica retrospectividade inmediata e que semella un tanto arcaica (“En chegando á casa, púxose a ler o xornal”).

O uso do xerundio para indicar posterioridade non é considerado correcto como norma xeral, embora existan algunhas construcións gramaticalmente aceptábeis en que o xerundio posposto, para alén de indicar simultaneidade, tamén pode posuír certo matiz de posterioridade (“Viñera de Castela vendendo queixo polas portas”). No entanto, de o xerundio indicar claramente posterioridade a respecto da acción exprimida polo verbo nuclear, debe evitarse o seu uso (“Chegou diante da casa, entrando nela con precaución” = “Chegou diante da casa e entrou nela con precaución”). De calquera forma, non se deben usar aquelas construcións con xerundio de posterioridade que resultaren

integrábeis nunha cláusula composta coordinada (“\*Chegaron esgotados, indose após descansaren” = “Chegaron esgotados e fóronse após descansaren”), isto é, cando o xerundio non indicar unha posterioridade inmediata moito próxima da simultaneidade co tempo do verbo nuclear.

Alén do xerundio de posterioridade, tamén se debe proscribir con rotundidade, como xa fan os manuais de linguaxe administrativa, o uso do xerundio con valor especificativo modificador do substantivo que acompaña, ou xerundio do DOG, que pode ser substituído con facilidade por unha cláusula de relativo (“O Goberno

aprobou un decreto \*regulando o tránsito” = “que regula o tránsito”; “O xuri ditou unha resolución \*esclarecendo o caso” = “que esclarece o caso”). Algúns deses manuais tamén non recomentan o xerundio causal-consecutivo (“Non habendo alegacións á acta, apróbase por unanimidade” = “Ao non haber...”). E hai coincidencia xeral en aconsellar non facer un uso abusivo dos xerundios en calquera caso. Neste sentido, xa se indicou na anterior colaboración que o infinitivo xerundial é un recurso do galego para aliviar a frecuente e monótona repetición do xerundio: “Unhas crianzas estaban lendo e outras a brincaren”.

Por último, en galego atéstanse formas minoritarias de xerundio flexionado correspondentes á primeira e segunda persoa do plural (“víndomos”, “víndodes”); o propio Castela utilizou “voltándomos” na súa obra *Un ollo de vidro*. Por tanto, non se debe desbotar o emprego da forma de primeira persoa de plural, a máis usada, como ocasional recurso de que se pode tirar rendibilidade expresiva.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

O uso do xerundio é un dos aspectos máis complexos da lingua e que mellor poden definir o estilo dun texto ou dunha escritora ou escritor. O xerundio non indica tempo por si

propio e pódese deducir del unha secuencia temporal só a partir da correlación con outro verbo, a respecto do cal exprime en principio simultaneidade. A acción do xerundio costuma coincidir coa do verbo principal (“Díxomo tremendo de angustia”), mais con frecuencia envol-

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.

# A Mesa participa na presentación do Protocolo de Donostia

Tras a presentación do Protocolo de Donostia o día 17 de decembro, xa está en marcha a ferramenta para garantir os dereitos lingüísticos. O palacio Kursaal contou cunha afluencia masiva de centenaes de axentes chegados de Euskal Herria e do estranxeiro. O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, participou nun coloquio no Foro Europeo da Diversidade Lingüística.

**N**un sinxelo e emotivo acto, no que A Mesa pola Normalización Lingüística estivo presente, deu-se a coñecer en Donostia o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos. Segundo as palabras pronunciadas por Paul Bilbao, secretario xeral de Kontseilua, durante a presentación, “este protocolo supuxo un exercicio práctico de empoderamento histórico, en tanto que os axentes sociais demostraron a súa capacidade para confeccionar unha ferramenta eficaz para responder as necesidades ligadas á garantía dos dereitos das linguas minorizadas”. O Protocolo foi un proxecto impulsado de maneira conxunta por Kontseilua e a Fundación Donostia 2016.

O Foro de San Sebastián reuniu axentes, entidades e especialistas que traballan para a defensa e a promoción das linguas minorizadas europeas e acolleu relatorios, conferencias e debates en diversos formatos, onde se analizaron as dificultades existentes e se identificaron oportunidades. Este foro, organizado pola casa UNESCO e Donostia 2016 capital Europea da Cultura, pretendeu pór en valor a diversidade lingüística como eixo clave en Europa.

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, participou nun coloquio no Foro Europeo da Diversidade Lingüística que estivo presentado polo secretario Xeral de Kontseilua (Consello dos organismos sociais do eúscaro), Paul Bilbao. No coloquio tomaron a palabra, tamén, representantes de Hizkuntz Eskubi-deen Behatokia (Euskal Herria) e Conradh na Gaelgie (Irlanda) e tivo lugar antes da presentación do Pro-

toloco para a garantía dos dereitos lingüísticos.

## Coloquio

No coloquio, Marcos Maceira asegurou que a declaración de oficialidade do galego está moi lonxe de ser plenamente real. Actualmente, resulta imposible que unha persoa poida facer a súa vida normal no seu idioma e, a nivel oficial, non se actúa para corrixir as limitacións históricas impostas desde fóra, senón que nos atopamos cun goberno galego que destaca por abandonar a persecución da lingua galega. O presidente da Mesa salientou que “todos os avances para a lingua galega, incluída a oficialidade por precaria que for, foron conquistas sociais, éxitos da mobilización e do activismo a favor da lingua galega, a cal sufriu sancións governativas, despedimentos e outros ataques máis ou menos explícitos.

Preguntado sobre que vai facer A Mesa co Protocolo, Maceira puxo de manifesto que “en primeiro lugar, publícalo e achegalo a todas as entidades sociais galegas para que continúen adheríndose e que, coa súa implicación activa, se impulse o seu cumprimento

pola administración pública”. Tamén se lles presentará as principais institucións galegas en todos os ámbitos (institucións académicas, órganos consultivos, concellos, parlamento, goberno galego...) para que se comprometan co seu contido e coas medidas que establece, porque “Galiza non pode ficar atrás no novo impulso internacional que representa o Protocolo”.

O palacio Kursaal contou cun cheo absoluto e gozouse dun acto que combinou actuacións musicais e de baile con intervencións dos participantes. As primeiras palabras

**PILAR GARCÍA NEGRO CITOU CASTELAO: “A VARIEDADE DE IDIOMAS, COA SÚA VARIEDADE DE CULTURAS, É O SIGNO DISTINTIVO DA NOSA ESPECIE”**



foron pronunciadas por Aureli Argemí e María Pilar García Negro. Segundo García Negro “os poderes públicos han de tomar todas as medidas pre-

**Marcos Maceira asegurou que a declaración de oficialidade do galego está moi lonxe de ser real.**



truír unha Europa máis plural, xusta e igualitaria.

#### Froito do acordo

Segundo sinalan os promotores do documento internacional, o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos será froito do proceso de acordo desenvolvido os anos previos para construír unha ferramenta que permita revertir a situación das linguas minorizadas e construír unha Europa baseada na igualdade entre as comunidades lingüísticas. O Protocolo será trasladado a foros e instancias internacionais para que institucións de diverso carácter o utilicen como instrumento regulador do seu compromiso coa diversidade lingüística. No Comité científico que desenvolveu as achegas das entidades sociais de toda Europa ao documento final, participou a propia Pilar García Negro.

Entre as entidades galegas que xa manifestaron a súa adhesión ao Protocolo para a Garantía dos dereitos lingüísticos figuran A Mesa pola Normalización Lingüística, a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega, a Asociación Profesional de actores e actrices da dobraxe de Galiza (Apradoga), a Coordinadora de traballadoras/es pola Normalización Lingüística, Escolas de ensino em galego A Semente ou Prolingua galega.

A Mesa continuará a animar todas as entidades sociais para que no seu ámbito de actuación o protocolo se cumpra. Marcos Maceira di que “se queremos que teña efectos visíbeis e audíbeis a sociedade organizada ten que ser a que asuma o protagonismo aguilloando o poder político”. O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística salienta que “somos conscientes de que é un camiño longo mais tamén de que nos vai conducir a unha sociedade máis democrática e máis avanzada socialmente, que terminará cunha das últimas formas de racismo e de vulneración dun dereito básico, o de expresarse na súa lingua”.



te anos no proceso de elaboración da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos e nas súas intervencións lembraron, precisamente, que aquela declaración é a antecesora do Protocolo de Donostia. “Somos 40 millóns de persoas, no continente europeo, as que temos unha lingua propia diferente das oficiais dos Estados. Se os nosos idiomas son obrigados a vivir nunha sorte de réxime de oracións subordinadas, en virtude do cal só existan para certas funcións, só se practiquen onde nolo permitan e cando non molesten, entón, os principios da democracia, da igualdade de oportunidades, do respecto á pluralidade, á diversidade, e á xustiza, veranse seriamente comprometidos ou ben ficarán sen contido”, explicaba María Pilar García Negro.

Paul Bilbao destacou a extraordinaria solidariedade lingüística que percibiu durante todos estes meses en todos os recunchos de Europa, “a participación foi a clave do éxito deste protocolo, e fomos capaces de demostrar que, a pesar de ser comu-

nidades pequenas, se nos unimos temos unha capacidade enorme”.

García Negro quixo dar homenaxe ao gran ilustre galego Castelao citando o seguinte: “aos que lles resulta atractiva a idea dun idioma universal, único para toda a nosa especie son os mesmos que consideran o mito da torre de Babel como un castigo e renegan da vida ascendente. Pero eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que a fai superior a dos animais. Aí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual ca un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas Argentinas rincha igual ca un cabalo de Bretaña. E, sabedes por que? Porque todos os probes animais aínda están en idioma universal”.

Subiron ao estrado decenas de axentes chegados desde Euskal Herria e o estranxeiro, que, co protocolo nas mans, fixeron unha foto de familia coa esperanza de que, cando regresen ás súas respectivas comunidades lingüísticas, poidan cons-

**MACEIRA: “O PROTOCOLO VAINOS DIRIXIRA UNHA SOCIEDADE MÁIS DEMOCRÁTICA E MÁIS AVANZADA SOCIALMENTE”**

cisas para a aplicación dos dereitos proclamados nesta Declaración”.

Tanto Argemí como a profesora da UDC estiveron presentes hai vin-

## «Confiamos en que o rumbo pode virar a prol do galego»

Falamos con **Pilar García Negro**, defensora da lingua e cultura galega que, ademais, participou no Protocolo pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos e na elaboración da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos no ano 1996. A profesora da UDC cóntanos a súa visión a respecto da situación do galego.



**Cintia París**

**Como cre que repercutirá na sociedade galega a posta en marcha do Protocolo?**

Primeiro, o Protocolo deberá ser coñecido e aprobado polos poderes públicos galegos e mais por todo tipo de organizacións sociais, políticas, culturais e económicas. Como temos detrás de nós unha longa historia de asinaturas rituais, a novidade estaría en subscriber que este Protocolo non se converta nunha operación hipócrita máis e sirva para contribuír ao proceso necesario de normalización da lingua galega.

**Cales pensa que son as medidas máis importantes que se deben levar a cabo?**

A galeguización real das institucións públicas; nas intervencións dos representantes gobernamen-

tais e políticos. A implantación do galego como lingua vehicular no ensino sen discriminación de materias. O exercicio do uso do galego na Xustiza, con garantías da utilización oral e escrita. En fin, o cumprimento de mínimos que a cativa lexislación de que dispomos contempla e que levan sistematicamente vulnerados desde hai décadas.

**Como se podería conseguir que ese dereito de falar o galego fose unha realidade?**

A maneira que temos de nos decatarmos de cantos espazos aínda lle faltan ao galego na nosa sociedade é precisamente usándoo en toda a parte e para todo. As “empresas” só comezarán a moverse a prol do galego se a Xunta e demais institucións públicas o fan ou se se condicionan axudas e prebendas ao uso verificábel do galego.

**Cre que as novas xeracións crecerán envoltas nunha educación en galego?**

Se acreditarmos nos milagres, a resposta será positiva. Se o fixermos no conseguido –humana e politicamente– confiaremos en que o rumbo pode virar a prol do galego, mais, desde logo, será a base de invertermos totalmente a tendencia. Quer dicir: unha reviravolta ás aulas de lingua e literatura galega para que se esmeren en crearen falantes-escrebentes da lingua e en vincularen este uso necesario á nosa condición máis evidente e poderosa: a de sermos galegas e galegos mercentes de vivir e traballar na nosa nación; un labor cultural amplo e permanente que nos familiarice coa nosa historia, coa arte, coa economía específica; unha cultura dirixida a alimentar a autoestima colec-

tiva e a disolver, en consecuencia, tanta ocultación e tanto preconceito como aínda operan sobre a nosa conciencia e práctica social.

**Tras a súa participación na elaboración da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos no ano 1996, que pensas que pode achegar de novo o Protocolo?**

Lamento dicir que, no que respeita ao galego, a situación, nestes vinte anos (os decorridos des que aprobamos en Barcelona a Declaración...), non só non mellorou senón que apiorou notoriamente. Continúan sen se cumpriren: a Lei de Normalización Lingüística de 1983; a Lei de uso do galego nas entidades locais, de 1988; o Plano de Normalización Xeral da Lingua Galega, de 2004... A actuación da Xunta nestas dúas últimas lexislaturas é dunha gravidade inconmensurable: definir a lingua como unha “barreira” ou chegar a legalizar a exclusión directa do galego en materias como as matemáticas, a química ou a tecnoloxía. De por parte, o rosto verdadeiro das institucións europeas amósase sen carautas nen eufemismos cando non admite o recurso contra o decreto destrutor da Xunta, ao considerar que a Academia non é un “colectivo” perxudicado. Madia leva! O “colectivo” danado somos todos nós, os galegos, por activa ou por pasiva, porque se nos obriga a pagar con diñeiro público a nosa subordinación, a naturalidade da exclusión social do galego, a imposición do español, en suma.

Preocúpame igualmente observar que, na minoría nacional practicante e defensora do galego, non se reaxe coa clareza que as circunstancias reclaman. Ou facemos da cuestión da lingua un asunto político nacional, sabéndonos que precisa dunha pedagogía peculiar, máis persistente e máis fonda do que outras reivindicacións ou, se non, a relaxación-resignación devirará en anemia crónica.

**Pilar García Negro é profesora da UDC.**